

No seu compromiso coa psicoloxía xurídica e concretamente co desenrolo e investigación nesta área, a Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia convoca un recoñecemento que ten como obxectivo promover a labor do/a psicólogo/a xurídico/a nos distintos ámbitos da actuación do eido da Psicoloxía Xurídica: penitenciaria, criminal, forense, da familia, menor, das forzas de seguridade, das forzas armadas, vitimoloxía e mediación.

1. PARTICIPANTES

Poderán concorrer todas as persoas físicas, individualmente ou conformando un equipo de traballo ou investigación; ou xurídicas que estean colexiados/as no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

2. CARACTERÍSTICAS E OBXECTO

- Os traballos presentados poderán ser de calquera das categorías mencionadas nas presentes bases, sempre e cando a temática estea circunscrita ao eido da psicoloxía xurídica. Poderán presentarse todos aqueles traballos inéditos ou publicados sempre a que a súa data de publicación non sexa anterior ao 2016.
- Os traballos deben ser de autoría propia, non presentados previamente a outra convocatoria e non premiados noutras institucións. Asemade, en caso de versar sobre estudos de persoas, garantirán o anonimato dos/as suxeitos/as.
- A Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia poderá realizar a difusión oportuna e publicación do traballo premiado, a través da páxina web do Colexio ou de calquera outra vía de divulgación estimada polo mesmo, con carácter gratuíto.

Establécense as seguintes categorías para os traballos a presentar:

- a) Investigación empírica no eido da psicoloxía xurídica.
- b) Meta-Análise que recolla unha temática de investigación en psicoloxía xurídica.
- c) Análise e discusión de casos.
- d) Programa de intervención no eido da psicoloxía xurídica.

3. DOTACIÓN ECONÓMICA

O traballo premiado recibirá unha dotación económica que ascende a 600 euros.

4. PRAZO DE PRESENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán cumprimentar a solicitude de inscrición (Anexo I) que pode ser descargada da páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia www.copgalicia.gal desde o día 30 de xullo ata o 15 de outubro de 2018 ás 14:00 horas.

A inscrición poderase realizar directamente no rexistro do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, por correo certificado ou de forma telemática a través do correo electrónico copgalicia@copgalicia.gal indicando en asunto RECOÑECEMENTO EN PSICOLOXÍA XURÍDICA.

5. REQUISITOS DE FORMATO

- Os traballos poderán presentarse en galego ou castelán.
- Deben ser realizados con letra times new roman, tamaño 12, a dobre espazo e 2.5 cm en todas as súas marxes.
- Respectaranse as normas APA (2010) para o formato do informe, redacción e inclusión de referencias bibliográficas. Quedarán descartados aqueles que non cumpran con estes requisitos.
- A dimensión do traballo non pode superar as 10.000 palabras.

6. VALORACIÓN

O xurado estará composto por:

- » A Presidenta da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.
- » Dous membros da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.
- » Un membro da Xunta de Goberno do COPG.
- » Un/Unha psicólogo/a pertencente á Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.
- » Un/unha académico/a ou investigador/a vinculado/a ao eido da psicoloxía xurídica.
- » Un/Unha profesional vinculado/a ao eido da psicoloxía xurídica.

Todos os membros do xurado serán psicólogos/as.

Os/As compoñentes do xurado non poderán presentar traballos nin manter relación profesional ou de especial amizade con ningunha das persoas que se opten ao premio.

No caso de existir conflito de intereses, a persoa membro do xurado afectada renunciará a súa participación no mesmo, procedendo a designación por nomeamento ou sorteo doutra persoa.

7. ENTREGA DO PREMIO

A entrega do premio realizarase o mesmo día ca Asemblea Anual de Socios e Socias da Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que se celebrará no mes de decembro.

8. PUBLICACIÓN DO TRABALLO

A publicación do traballo premiado farase mediante anuncio público na páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, www.copgalicia.gal, constando o nome, apelidos, número de colexiado/a e título do traballo.

9. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE

A presentación da solicitude de participación a estes premios presupón a aceptación das súas bases por parte da/s persoa/s presentada/s.